

Novas catas no campo nocional dos peixes e outros animais mariños¹

New tastings in the notional field of fish and other marine animals

María do Rosario Soto Arias

IES Eusebio da Guarda da Coruña

Resumo: Neste artigo estudaremos varios aspectos da fraseoloxía do campo nocional dos peixes e outros animais mariños. Observaremos que neste eido hai un claro predominio de locucións significantes, con núcleos léxicos; veremos tamén que se establece un alto número de variantes sinonímicas, e analizaremos aqueles recursos máis produtivos á hora de xerar variantes fraseolóxicas, como son a imaxe e a metáfora e metonimia. Finalmente tiraremos algunhas conclusións relativamente importantes: a fraseoloxía deste campo nocional é un óptimo paradigma para establecer relacións de semellanza con outros niveis lingüísticos.

Palabras clave: fraseoloxía, peixes, comparanza, metáfora, xeración de variantes.

Abstract: In this article we will study several aspects of the phraseology of the notional field of fish and other marine animals. We will observe that in this field there is a clear predominance of significant locutions, with lexical nuclei. We will also see that a high number of synonymous variants are established, and we will analyze those more productive resources when it comes to generating phraseological variants, such as image and metaphor and metonymy. Finally, we will look at some relatively important conclusions: the phraseology of this notional field is an excellent paradigm to establish similarities with other linguistic levels.

Keywords: phraseology, fish, comparison, metaphor, generation of variants.

1. Introducción

Seguimos un camiño que xa iniciaron outros (Rivas Domínguez 2000; Martínez e Veiga 2010, por poñer dous casos sobranceiros) levados por varias razóns: unha non desprezable é a orixe, a crianza na beira do mar Atlántico; outra, os modelos previos que nos moveron a continuar; unha terceira, a riqueza inabarcable deste campo nocional, os valores inherentes ao propio obxecto de estudo. Guiarémonos, na medida do posible,

¹ Data de recepción: 30.08.2018. Data de aceptación: 08.11.2018.

por un par de presupostos: toda materia lingüística parte ou ten a súa causa primeira na realidade vivida, na experiencia humana: se isto é verdade, inda se fai máis evidente coa fraseoloxía do mar. Todas ou a inmensa maioría de unidades lingüístico-fraseolóxico-paremiolóxicas que veremos foron xeradas da man e da mente dun ser humano traballador común e corrente, e non dun lingüista ou dun home de letras. Doutra banda, e dadas as particulares condicións sociolingüísticas do noso país, Galicia, faremos abstracción de factores tales como o grao de idiomatización e o grao de localismo extremo de moitas das unidades fraseolóxicas obxecto de estudo: respondemos así a un intento de democratización lingüística: igualamos localismos con unidades dun maior grao de universalidade como método xenerativo de novas oportunidades de vida útil e perdurable para esas expresións fraseolóxicas. Outra premisa fundamental, e sirva esta observación para captar a benevolencia do lector especializado, é que participaremos en determinada medida dun concepto *ancho* da fraseoloxía (con palabras de García-Page 2008, de aí que integremos algunhas paremias e frases proverbiais á par das unidades fraseolóxicas).

Este campo nocional caracterízase, en principio, por unha tríade de trazos básicos: 1º. A oposición a outros campos nocionais. 2º. É altamente produtivo en variantes sinonímicas (ou en variantes e sinónimos), e préstase sobre todo a elucubracións de tipo semántico. 3º. E relacionado co trazo anterior, hai nel un claro predominio de *locucións significantes* (García-Page 2008: 218), verbais ou oracionais, con compoñentes léxicos ou palabras léxicas.

Parémonos un momento no primeiro trazo. Parece posible deseñar unha especie de isoglosa semántica entre a linguaxe fraseolóxica do mar, da costa, e a do interior, como en ocasións parece facedeiro opoñer o mundo da pesca ao da caza (*marear o peixe / VS/ marear a perdiz; (ser) un bo peixe /VS/ (ser) unha boa peza*). Pero este enfoque, esta formulación, esixe moito máis traballo de campo ca aquel do que actualmente, polo menos nós, dispoñemos e coñecemos. Por exemplo, sabemos que no país de Deza, alí onde din *nin rabos/farrapos de gaita*, dificilmente ou nunca dirían *nin rabos de peixe*. No interior de Galicia, onde normalmente se di *morra o conto e veñan netos!*, dificilmente ou nunca dirán *morra o conto e veñan fanecas!* O galego rodeado de searas exclamará *aínda non está a espiga na man* naquel contexto en que o mariñeiro di *non botes aínda o peixe ao mar...* Pero, e viceversa? Un falante das nosas costas que diga normalmente *moito peixe rompe a rede*, non dirá ou acaso non coñecerá a frase proverbial sinonímica *a cobiza racha o saco*? quede aberta esta porta para posteriores estudos. A nosa presuposición é que nun alto número de casos as variantes mar/terra coexisten. A existencia destas unidades fraseolóxicas que sen ánimo de precisión científica podemos denominar ictiolóxicas responde á mesma concorrencia no sistema das variantes ou variedades diatópicas: son asimilables, xa que logo, aos xeofraseoloxismos, e, polo de agora e salvo excepcións, non as debemos considerar –cando hai oposición: cando teñen un correlato non ictiolóxico- como variantes en distribución complementaria, senón como *variantes non restrinxidas* (Núñez 2013: 255) das correspondentes UFs non ictiolóxicas.

2. Estudo

2.1. As variantes sinonímicas

A sinonimia establece conxuntos de unidades interrelacionadas. Esa interrelación axúdanos moitas veces a identificar núcleos léxicos en caso de ambigüidade ou de homonimia. Por exemplo, na UF *ter máis cara ca un lorcho*, temos *lorcho* ‘peixe’ ou ‘galorcho’? O paralelismo entre esa UF e outras que coexisten no sistema axúdanos a resolver a cuestión. *Ser lavado coma as pedras do río e ter máis cara cás pedras do río*, que inciden no sema ‘dureza’, explican a presenza neste paradigma sinonímico doutras UFs como *ter a cara máis dura cá sola dun zapato*, e *ter a cara coma un zapato*. O núcleo léxico *zapato* e a voz *lorcho* ‘galorcho’ son sinónimos e, con iso, concluímos rexeitando a suposición de que *lorcho* na UF *ter máis cara ca un lorcho* se refira ao peixe. Outro caso: *ter arolas* usada con valor ponderativo (equivale a *ter que se lle diga*). Se repasamos o correspondente paradigma sinonímico (*ter alma*, *ter perendengues*, *ter cochínfanos*, *mandar/ter collóns*, *mandar carallo/nabo*, *roncarlle/zumbarlle o mango*, *mandar forza*) vemos que na maioría dos sinónimos predomina un compoñente somático-sexual, e iso lévanos a seleccionar, de entre as acepcións posibles da voz *arola* (molusco de pouco valor) aquela que a fai sinónima de *navallón*, pola clara asociación coa *navalla* e as connotacións sexuais que leva emparelladas –no cancionero, por exemplo²–. Unha das variedades deste molusco é coñecido como *carallo de rei*; ao longueirón –sinónimo da *navalla*– chámanlle *carallote* e *carallete* (DdD). Un terceiro exemplo témolo con *dar unhas parrochas* ‘dar castigo físico’: para desfacer a polisemia de *parrocha* revisamos o paradigma de variantes sinonímicas para esa UF: gal. *dar para peras/dar a castaña*, cast. *dar para castañas/peras*, *dar una castaña/galleta/torta*, e á vista das variantes nas que a metáfora para o golpe ou labazada está baseada no campo nocional dos alimentos, concluímos que a *parrocha* da UF analizada é o peixe, sen deixar de considerar que a selección deste peixe e non outro poida estar condicionada pola paronomasia con *chaparreta*. Analicemos aínda un par de casos máis: En *chirla* (na frase *auga chirla*, DdD), temos unha voz de orixe expresiva carente de significado léxico concreto (opción pola que se inclina o DLE na entrada *chirle*) ou temos o molusco bivalvo parecido á ameixa? Nós decantámonos polo segundo. Si son claramente expresivas as frases producidas no español de América: *agua chirria/de chirre/de churre* (DA, s. v. *agua*), xa perdida a noción da palabra *chirla* ‘molusco’, e dada a dificultade de pronunciar o grupo -rl-. Favorece a nosa opción o feito de termos máis casos en que este tipo de augas insubstanciais, proclives a tomar usos figurados, para aludir sempre a cousas de pouco valor, van acompañadas de nomes do campo nocional que nos ocupa: *auga de bacallau/água(s) de bacalhau* e *auga de ourizos/urisos* (Domínguez Rial 2011: 309) no ámbito galego-portugués. E en El Salvador documentamos *agua de cangrejo* co mesmo

² A este respecto lemos nun estudo sobre o cancionero popular: “O “coitelo”, instrumento punzante, é símbolo do órgano sexual masculino (raramente é designado de forma explícita); o mesmo simbolismo encerran “navalla” (...)” (Caseiro 2002: 27).

valor (DA, s. v. *agua*)³. Debe constar o feito talvez condicionante de que todos estes elementos mariños se cocen sempre na auga como paso previo á súa inxestión. E conste tamén que nin as chirilas nin os ourizos (polo menos tradicionalmente⁴) foron apreciados nesta terra. Igualmente, o bacallau noutrora, cando era moi abundante, era considerado comida de pobres. Examinemos un último caso: na UF *estar coma un pancho* ‘estar farto, cheo de comida’ existen dúbidas sobre *pancho*: ou ben é o nome do peixe ou ben é o adxectivo substantivado que concorre en frases como *quedar tan pancho* ‘quedar tan tranquilo’ ou *facer o meu pancho* ‘saciar a fame’⁵, frases onde *pancho* parece ter como referente extralingüístico un ser humano pachorrento, preocupado só por encher a andorga, a panza. Porén, a sinonimia que se establece con outros animais mariños fai que nos decantemos pola identificación co peixe: (*cheo*) *coma un centolo/coma unha centola/coma unha nécora* ‘moi cheo de comida, moi farto’.

Na inmensa maioría de casos en que unha UF ictiolóxica entra en relación sinonímica con outra UF allea a ese campo nocional, esta adoita ser máis coñecida ou de uso máis frecuente ca aquela. Pero hai excepcións. Sinalemos catro casos excepcionais e paradigmáticos: 1°. *coma peixe na auga* acada un grao de idiomaticidade e universalidade sen parangón posible cos seus sinónimos (parciais) *coma rato no queixo/coello na verza*, e igual sucede con (áxil) *coma un peixe /VS/ (áxil) coma un esquío/unha ave/denociña/donicela/denosña*. 2°. *Pola boca morre o peixe*, sen parangón posible co uso e idiomaticidade con respecto aos seus sinónimos posibles (máis sentenciosos, máis abstractos e moito menos plásticos e expresivos, e xa que logo, de máis difícil memorización e menor grao de popularidade, salvando quizais a excepción de *en boca pechada non entran moscas*). 3°. (*apertados*) *como (as) sardiñas (de canastra/en banastra/en lata etc.)* é unha UF moito máis coñecida e usada ca calquera dos seus posibles sinónimos. 4°. *O peixe grande come o pequeno*: verdadeiro exemplo de frase proverbial ou paremia sumamente estendida no mundo⁶ e insubstituíble. Salvo o hipónimo ao que nos referiremos logo, non lle coñecemos sinónimos.

Os expertos en fraseoloxía adoitan distinguir entre *variantes* e *sinónimos*. Do primeiro tipo sirvan de exemplo, sen ánimos de sermos exhaustivos: *arriar/soltar a xarda* ‘soltar

³ No Brasil água de caranguejo ‘auga em que se lavou uma pessoa muito suja’ (<http://michaelis.uol.com.br/busca?id=a9Vl>) [Data de consulta: 20/08/2018].

⁴ Hai excepcións: por exemplo, Rivas Domínguez (2016: 165) afirma que na Mariña luguesa foi o ourizo ou urizo sempre moi apreciado para comer.

⁵ TiLG: *Con esto fago o meu pancho, a Nación que a leve o Demo, á conciencia non lle temo*, texto de F. Pol; aínda está máis claro un valor aproximado de ‘andorga chea’ nestoutro exemplo: *Pois as compañas desfânse dempois qu’o pancho está feito*, de B. Losada.

⁶ Na ficha *El pez grande se come al chico* do *Refranero multilingüe* (Sevilla e Zurdo 2009) podemos ver o paralelismo desta frase proverbial coas correspondentes ao catalán, vasco, alemán, grego, italiano, húngaro, portugués, ruso; pola nosa banda, nós podemos engadir que tamén se di en semellantes termos en chinés –información recibida de varias alumnas nosas chinesas–, e romanés, así como en inglés –*Big fish eat little fish*, Fergusson e Law 2000: 82–, en xudeu-español –*Pescado grande englute al chico*, en Foulché-Delbosc 2006: 65–, en libanés –*Ssamak likbūr byēkul ššgūr* ‘Os peixes grandes comen os pequenos’, en Samadī 2013: 216–. Conde (2001: 45, nota 10) dá fe da antigüidade do refrán, lembra que xa aparece nun episodio do *Mahabharata*.

os cartos’, *cheo como un centolo/unha centola, coma sardiñas en banastra/en lata etc.*; do segundo tipo: *andar coa troita/estar nas patacas, botar máis borro ca un choco/ser máis embusteiro ca Turpín, Pola boca morre o peixe/En boca pechada non entran moscas etc.* Pero non sempre é doado diferenciar, e por iso, na listaxe que ofrecemos a continuación usaremos ‘a manga ancha’, o criterio *ancho*. Vexamos agora unha mostra inequívoca da riqueza do campo nomenclal que nos ocupa: basicamente son na inmensa maioría casos de sinonimia externa ou interfraseolóxica (García-Page 2008: 398 e ss.). Nós distinguiremos dous grandes grupos.

2.1.1. Variantes sinonímicas dentro do campo nomenclal

A quen en maio come sardiña, en agosto lle pica a espiña; Peixe de maio, que o parta o raio (estas frases proverbiais indican que en maio hai peixes que non están en sazón).

andar ás minchas/coa troita ‘estar despistado’.

*¿Araña do mar? Vento e chuvia; Delfín que moito salta, vento espera, que non espanta*⁷ (a vista deses animais mariños prognostica vento).

*arriar a *pescadilla/a xarda* ‘soltar os cartos’.

auga de bacallau/de ourizos/de urisos ‘cousa sen importancia ou inútil’.

boca de escacho/de raia ‘boca grande’.

*Brétema en Padornelo, sardiña no garabelo; Tempo de riada, berberecho na *falda*⁸ (a vista de determinados fenómenos atmosféricos prognostica peixe).

caer coma un peixe/coma un choco ‘caer con todo o peso do corpo’.

cheo coma un centolo/coma unha nécora ‘cheiño, fartuco’.

*colorado coma un escacho*⁹/*coma un cangrexo* ‘moi colorado’

*coma a troita/un cigallote*¹⁰/*unha anguía/unha eiroa* (pondera o ser escorregadizo).

coma arenques nun casco, coma as xoubas nas canastas, coma peixe en tixela, coma sardiñas/xoubas en lata, ‘apertados’.

durmir coma un peixe/un pancho ‘durmir moi ben’.

estar coma a sardiña entre dous gatos/coma o peixe entre os gatos/coma o peixe na tixela/coma sardiñas na lercha ‘estar en apuros’.

⁷ Vázquez Saco 2003: 497; Rivas Domínguez 2015: 86.

⁸ Vázquez Saco 2003: 497; Rivas Domínguez 2015: 86.

⁹ Informante de Porto do Son (A Coruña).

¹⁰ Rivas Domínguez (2015: 109). O cigallote é un congro delgado e pequeno.

estar coma un centolo/coma o rodaballo de Marín/coma un congro/coma un robalo, traer unha lura/unha merluza ‘estar borracho’.

estar coma a sardiña pola punta do rabo/coma o bacallau (polo rabo)/coma un arenque/coma un rabo de bacallau/coma un xirelo/coma un xurelo/coma unha anguía/coma unha quenlla, ser cativa coma unha arola, ser unha faneca da oca ‘estar ou ser delgado’.

estar coma unha foca, estar gordo coma unha balea, ser un arroaz ‘estar gordo’.

estar mantido a ostras, comer arolas ‘comer mal, estar mal mantido’.

facer os cambos antes cás fanecas/cós xurelos, facer os cambos dos polbos antes de pescalos ‘adiantarse, precipitarse’.

*feo coma un escacho*¹¹, *máis feo ca unha nécora de cu* ‘moi feo’.

*Hai fanecas/xurelos na ría*¹² (dise cando a alguén lle proe ou alguén raña no traseiro).

ir aos berberechos/aos panchos (dise cando un leva os pantalóns moi curtos¹³).

*listo coma unha lura*¹⁴, *fino coma un arroaz* ‘agudo, espelido’.

Mal peixe non se pesca, Todo o que cae na rede é peixe, Todo o que veña á rede peixe é ‘non hai nada tan malo que non poida ser aproveitado’.

mazado coma un choco/un polbo ‘moi canso’.

meter unha boa xarda/unha boga ‘enganar’.

*mouro coma un cazón*¹⁵, *negro coma un mexillón* ‘moi escuro ou moi negro’.

*nadar coma un peixe/coma un muxe*¹⁶ ‘nadar moi ben’.

Non se pillan troitas a bragas enxoitas, O que queira budiós ten que mollar os collós, Para pescar o rodaballo hai que mollar o carallo ‘non se conseguen bos logros sen esforzo’.

¹¹ Informante de Corme (A Coruña).

¹² A frase *Hai fanecas na ría* dise en Carnoedo-Sada (A Coruña).

¹³ A frase *Que, vas aos berberechos?*, que se lle di a alguén que leva o pantalón curto ou remangado, é de informantes de Labañou-San Pedro de Visma (A Coruña). Na nosa familia coruñesa sempre oímos *Vas aos panchos?*, ou *Quédanche/estanche para os panchos*, sobre todo se a un lle queda pequeno o pantalón.

¹⁴ Informante de trinta e tantos anos de Muros (A Coruña). Repetiuunos a frase, usando a variante co verbo *ser* –“é unha lura” – e en ningún momento castelanizou o nome do cefalópodo.

¹⁵ Francisco Lanza: “Falan os de Ribadeo”, *Nós*, nº 114. En castelán documentamos *más retinto que el cazón*, na obra de F. Guerra Navarro, CORDE. Neste mesmo artigo da revista *Nós* documentamos tamén *Centola me coma!*

¹⁶ A frase *nadar coma un muxe* documentámolo en Lugrís Freire (Nicolás 2009: 35). En Canarias documéntase *nadar como un sargo* (F. Guerra Navarro, CORDE).

(Non) todo no mar son fanecas, (Non) todo o mar é peixe, (Non) todo son fanecas ‘non todo é doado’.

ollos breques, ollos de bíciga/de budión/de pota, (ter) os ollos coma unha nécora ‘ollos saltóns’.

pelar coma un cazón/un melgacho (pondera a acción de esfolarse).

picar coma a troita/coma o pancho, picar o peixe ‘caer nun engano’.

picar coma a troita, tragar coma un corvo a unha solla (indica credulidade).

estar mollado coma unha troita, poñerse coma un maragoto ‘mollarse moito’.

ser a sardiña sempre para alguén, cortar alguén o bacallau (indica preeminencia).

Quítalle quilos á faneca/toros ao congro ‘non esaxeres’.

*roncar coma un sanmartiño/coma un pirlón*¹⁷ ‘roncar moito’.

ser agarrado coma unha lapa/coma unha lura, ser un faneco/un nécora ‘ser agarrado, cutre’.

ser bruto coma un arroaz/un cachalote ‘ser moi bruto’.

ser coma un bigaro/un chúcaro/unha mincha ‘ser moi pequeno’.

*ser máis lavado cós peixes do mar, ser mazado coma un polbo, ser un cara de escacho*¹⁸ ‘ser descarado’.

ser peixe de pouca sonada, non valer o rabo dunha sardiña, non valer unha mincha/unha sardiña ‘valer moi pouco’.

ser (un) lura/luras/un nécora(s) ‘ser un aproveitado, preeiro’.

ser unha xouba, ser coma unha anguía (dise da persoa escorregadiza, pouco fiable ou falsa¹⁹).

ter a boca coma unha rabada, ter boca de escacho ‘ter unha boca moi grande’.

ter a pel máis dura ca un melgacho, ser tan duro coma un cazón (sinonimia parcial: a primeira UF refírese á dureza física da pel, mentres que a segunda ten un uso figurado e ámbito de aplicación amplo).

ter beizos de budión/bico de maragoto/fuciños de melca ‘ter os beizos carnosos’.

2.1.2. Agrupamentos de sinónimos con membros fóra do campo nocional

A bordo, que hai palometa; Ánimo, tripas, que hai un corno a cocer (expresión con que se anima a entrar, e por extensión, a facer algo).

¹⁷ Rivas Domínguez (2015: 218). O pirlón é unha especie de escacho.

¹⁸ A frase *ser un cara de escacho* ‘un desvergonzado’ aparece na obra de V. Taibo *Agra aberta* (TILG).

¹⁹ A frase *ser unha xouba* facilitóunola a nosa colega Beni Vidal, natural de Portosin.

A do badexo, Bo proveito (a expresión mariñeira é de carácter lúdico).

*andar aboiado coma peixe na ría/coma *corcho nunha rilleira* ‘andar desorientado’.

andar coa troita, estar ás moscas, estar na horta/nas patacas/nas pavías ‘estar despistado’.

andar á lapa/á quellamandrúa/á cazola prestada ‘vivir a conta dos outros’.

apegarse coma un arneirón/un lámparo/unha lapa/unha lendia/unha sambesuga ‘apegarse con forza e/ou con insistencia’.

*apuntar na folla do bacallau*²⁰, *(mercar) ao fiado* ‘mercar algo deixándoo a deber’.

armarlle ao pancho/ao merlo ‘armar lea, meterse en problemas’.

arriar/soltar/zurrichar a xarda, arriar/soltar/zurrichar a galiña ‘pagar, dar cartos xeralmente contra a vontade do pagador’.

boca de escacho, boca coma un burro/canastro/galorcho ‘boca grande’.

botar máis borro ca un choco, ser máis embusteiro ca Turpín ‘dicir mentiras’.

(brazos) coma congros/coma toros (de árbore/de carballo) ‘moi grosos’.

brincar coma a sardiña na rede/coma un xovenco (pondera a acción de brincar).

Cada un arrima a brasa para a súa sardiña, Cada un leva a auga ao seu muiño ‘cada un procura a comenencia propia’.

Cada sardiña ten a súa espiña, Non hai sardiña sen espiña, Non hai rosa sen espiñas ‘non hai ben completo, sempre hai unha contrariedade’.

caer coma un peixe/coma un bazuncho/un cesto ‘caer con todo o peso’.

cantar o peixe, dar voces ‘vocear, pregoar’.

Canto máis burro, máis peixe; O peor porco come a mellor landra ‘favorece a fortuna a quen menos o merece’.

cara de faneca/de brétema ‘mala cara’.

Centola me coma!, Cómame o cuzo!, O demo me leve! (expresión imprecatoria ou aseverativa).

(cheo/farto) coma un centolo/unha centola/coma un odre/un pélogo/un peto/un vórtigo ‘moi cheo, moi farto’.

cheirar ao caramuxo/ao verroallo, cheirar coma un bubelo/un castrón/unha algaria ‘cheirar mal’.

²⁰ A frase *apuntar na folla do bacallau* é de informantes de Baiona.

(colorado) coma un escacho/un pemento ‘moi colorado’.

coma sardiñas en banastra, coma (un) piollo na costura ‘moi apertado(s)’.

coma sardiña en salmoira, (triste) coma a noite ‘moi amorriñado’.

comer sardiña e arrotar pescada²¹, ter moita terra na Habana ‘aparentar sen ter, querer aparentar máis do que un é’.

Con paciencia e con saliva, un cangrexo come unha xiba; Ao seu tempo maduran as uvas ‘todo o logra o tempo’.

De novo galiña, de vello sardiña; A mocidade folgada trae a vellez arrastrada; O que de novo non traballa, de vello dorme na palla ‘cómpre traballar cando un é novo para ter unha boa vellez’.

dar unhas parrochas, dar para peras (úsase como ameaza de castigo físico).

derreterse coma o gato polo peixe/coma o gato polo leite (pondera un sentimento intenso ou derretemento).

durmir coma un peixe/coma un cepo/coma unha pedra ‘durmir moi ben’.

trocar a vaca pola sardiña, cambiar os ollos polo rabo ‘facer un cambio desvantaxoso’.

estar amaraghotado²², andar co maio ao lombo ‘estar aparvado, abatido’.

estar (borracho) coma un congro/coma un bocoi/coma un cesto/coma un coiro ‘estar bébedo’.

estar coma o peixe fóra da auga/coma galiña en curral alleo ‘sentirse incómodo nun ambiente estraño’.

estar coma (o) peixe na auga/coma o rei nunha cesta/como quere ‘estar cómodo, estar ben’.

estar coma un xurelo/coma unha espiña/coma unha estriga/coma unha lombriga ‘estar fraco’.

estar no peixe²³, irlle a auga polo rego, soprarlle o vento de cara, ter a sorte de cara ‘ter sorte, serlle a alguén a ocasión favorable’.

²¹ No ámbito hispano noroccidental, documentamos unha variante próxima desta frase proverbial, na fala de amigos salmantinos, naturais de Sancti Spiritus: *Comer morcilla y regüeldar chorizo*. A frase hispana pasou a América, onde xera variantes asentadas na nova realidade: *Comer frijoles y eructar pollo* (DA, s. v. *comer(se)*).

²² Información procedente de Carnoedo-Sada (A Coruña). Ao preguntarllas aos mariñeiros polo adxectivo *amaraghotado* a resposta é: “estar coma unha maraghota”.

²³ Rivas Domínguez (2015: 106).

estar onde se corta o bacallau, estar no choio/no lerio/no rodicio ‘estar onde se toman as decisións’.

estar salgado coma un arenque, estar coma a pilla ‘estar moi salgado’.

estar sucio coma un choco/coma un porco (pondera a sucidade).

facen os cambios antes cós xurelos/antes cás fanecas, facen os cambios dos polbos antes de pescalos, poñer o carro antes cós bois ‘precipitarse’.

feo coma un escacho/coma un croio (pondera a fealdade).

Fillo de peixe peixiño é, Fillo de peixe sabe nadar, O fillo do lobo lobiño é ‘os fillos herdán determinados trazos dos pais’.

*haber peixe ata no *entrepunte, estar de tas en bas* ‘estar moi cheo un lugar’.

haber bacallau, haber changüí ‘haber embrolla, enredo oculto’.

Hai ollos que da lapa se namoran, Ollos hai que de lagañas se namoran (crítica o inapropiado de certos obxectos do desexo).

importarlle unha mincha/unha figa/unha landra ‘importar pouco’.

ir coa roupa do robalo, andar coma un cozofello, parecer un pinga laceira ‘ir desamañado’.

Íscalle lura!, Lume no cano! (valor exhortativo, serve para incitar).

levar un bo polbo/un bo nabo/un burro ‘levar un chasco grande’.

limpo coma un coral/coma unha escaina/coma unha patena/coma unha prata ‘moi limpo’.

lingua de xiba²⁴, lingua que afuraca as paredes/que corta coma un coitelo ‘lingua viperina’.

listo coma unha lura, agudo coma un allo ‘moi listo ou moi agudo’.

Loita o mar co rochedo, quen o paga é o mexillón, Fana os porcos e págana os bacoriños ‘levar as culpas os inocentes no canto dos culpables’.

Mais eu antes ca a galiña metinlle dente a sardiña²⁵, Eu xa fun cociñeiro antes ca frade, Os patróns fóronche paisanos (indica que antes de ser alguén experto, foi aprendiz, e que xa ten experiencia no oficio).

²⁴ A frase *lingua de xiba* documéntase en Francisco M^o de la Iglesia, TILG. A xiba foi noutrora moito máis abundante ca hoxe en día. Así o testemuña a toponimia menor: na Coruña hai dúas penas na costa de Labañou chamadas *a xibona grande* e *a xibona pequena*.

²⁵ En Manuel María, *Farsa de Bululú*.

Mal lle vai ao raposo cando anda ao mexillón/cando lambe os cangrexos/cando anda aos ovos (pondera a necesidade extrema a que se ve forzada aquela persoa acostumada a mellores circunstancias).

mandar a coller arolas/a sementar fabas (expresión de rexeitamento).

*Marea vén, di o linguado*²⁶; *Nunca choveu que non escampase* (expresión de ánimo ante unha adversidade).

Mariñeiro, aos teus peixes; A gaita é para o gaiteiro ‘cada un debe ocuparse do seu’.

*Mariñeiro que *se dorme, peixes que non colle; Raposo que moito dorme, galiña gorda non a come* ‘cómpre aproveitar ben o tempo’.

mazado coma un choco, moído coma o sal ‘moi canso’.

mazado coma un polbo, lavado coma as pedras do río ‘descarado’.

*Mercar tres sardiñas e vender cinco frixidas; –Na Gudiña, cada catro unha sardiña. –Cada cinco, cada cinco*²⁷; *Pra un ovo que dan, picada hoxe, picada mañán* (indica mesquindade).

meter peixe a bordo, encher a andorga ‘fartarse de comer’.

meter unha boga, dar gato por lebre ‘enganar, timar’.

mirar algo coma o gato ás sardiñas, devecer coma gato pola manteiga ‘desexar moito algo’.

mollado coma unha troita/coma un pito/un río/un sapo ‘moi mollado’.

mudar de color coma o polbo, ser coma o camaleón ‘adaptarse ás circunstancias de forma comenenciuda’.

namorado coma un ollomol/coma un boi (pondera a intensidade do namoramento).

non asignar peixe, non asignar unha, non dar furo, non dar pé con bóla, non atar guedello ‘non ter éxito, fracasar’.

non botar aínda o peixe ao mar, non cantar aínda vitoria, non estar aínda a espiga na man ‘non ser aínda seguro o éxito’.

non ser auga/carne/sal nin peixe, non ser nin mel nin fel ‘ser indeciso, carecer de opinión definida’.

²⁶ Rivas Domínguez (2015: 168).

²⁷ Taboada (2000). É curioso constatar que nunha cantiga de escarnio de Pai de Ribela tamén se exemplariza a forma de ser dun avaro cun núcleo léxico deste mesmo campo nocional: *Ven hun ricome das truytas, | que compra duas por muytas, | e coz ‘end ‘a hunha. | Por quanto xi quer, apenas | compra én duas pequenas, | e coz ‘end ‘a hũa.* [Corpus Xelmírez].

Non volve máis ao espeto sardiña que o gato leva, O que pasou non volve ‘non hai que lle facer, non hai remedio’.

negro coma un mexillón/coma o acibeche/coma o carbón/coma o piche ‘moi negro’.

O peixe morre pola boca, En boca pechada non entran moscas (pondera o valor do silencio).

O que nunca a nada é adoito, unha sardiña parécelle un congro; O quen non ten nada, algo lle é bon ‘non valora igual as cousas aquel que ten moito ca aquel que ten moi pouco’.

O rodaballo dálle ao rabo, A cousa trae rabo ‘entrañar dificultades un asunto’.

ollos de budión/de boi/de ra, ollos coma bugallos ‘ollos esbugallados, saltóns’.

Os peixes do mar, uns por saír e outros por entrar, Os peixes na rede, uns queren saír e outros meterse, Cada cabeza a súa sentenza (pondera a variedade de pensamentos e desexos).

pagar a maragota/o pato ‘sufrir unha persoa as consecuencias do que fixo outra’.

Para congro ser moi longo, para sargo ser moi largo; Cando por carta de máis, cando por carta de menos (pondera o difícil que resulta lograr o equilibrio).

peixe do rabo na boca, círculo vicioso ‘argumento repetitivo que non conduce a unha boa conclusión’.

pelar coma un cazón/un polo/un pito, estonarse coma unha cobra (pondera a facilidade con que a alguén lle pela o corpo ou parte del).

perder pedra e peixe, perder o coiro (e mais a polpa)/o santo e mais a esmola ‘perdelo todo’.

Peixe con ollos, á patela; Ave que voa para a cazola é boa ‘todo o que se poida comer vale’.

Peixe pesca peixe, Diñeiro chama diñeiro (pondera a tendencia da riqueza a acumularse de seu).

poñerse coma un maragoto/coma un pito ‘mollarse, enchouparse’.

Por pouco que te achegues cheiras a peixe, Por pouco que te rapas sempre che sae a la (díselle a alguén cando se lle coñece a natureza ou as intencións que quere ocultar).

Pra quen é, bacallau abonda/basta; Para quen é o burro, ben chega a albarda ‘ten de sobra para o que merece’.

Presta máis unha sardiña con gusto ca unha galiña con desgusto, Máis val pan con amor ca galiña con door ‘é preferible ter pouco en paz ca ter moito sen ela’.

Pola boca/polo bico morre o peixe, Por falar morreu o mudo (chamada a falar pouco).

Que lle dean bertorella/mate/piche/polo (expresión de rexeitamento).

Quen come a sardiña, que lle chupe a arguiña; O que leve o mel, que leve os aguillóns ‘quen se beneficia de algo, debe soportar tamén as inconveniencias dese algo’.

Quítalle toros ao congro!, Quítalle lobos! ‘non esaxeres’.

roncar coma un sanmartiño/coma un porco ‘roncar moito’.

Sardiña que leva o gato, lambida do gato vai; Onde moitos cospen, lama fan (indica que a honra é doada de manchar).

Sardiñas serán pero chéiranme a can, Galiñas serán pero chéiranme a can (indica receo).

ser agarrado coma unha lapa/coma unha lura/coma os dentes dun angazo ‘ser moi agarrado’.

ser (un) bo peixe/bo merlo ‘ser un pillabán, ser de coidado’.

ser bruto coma un arroaz/coma un arado ‘ser moi bruto’.

ser coma a carioca, ser coma un disco raiado ‘repetirse moito’.

ser coma o peixe branco, ser gloria bendita ‘ser moi fino, de boa calidade’.

*ser coma unha vara do bonito*²⁸, *ser lanzal coma un piñeiro* ‘ser persoa alta, lanzal’.

ser o negocio da ameixa, gañar o que gañou a burra en maio ‘ser algo improdutivo’.

ser peixe da sombra, ser falso coma a cascarilla ‘ser persoa ruín, non ser de fiar’.

ser peixe de cocer en branco, ter un padal fino, non comer o pan polas dúas codias ‘ser exquisito e/ou delicado no comer’.

ser peixe de pouca sonada, non valer un can ‘ser de pouca valía’.

ser unha alcandorca, andar ao conto, levar e traer contos ‘andar con chismes’.

ser unha nécora/unha mala pécora ‘ser unha mala persoa’.

ser unha pixota de Marín/unha lebre corrida (a frase, sexista por usarse só para referirse ás mulleres, alude a unha vida sexual desordenada).

sutil coma unha troita/coma o aire ‘ser moi sutil’.

²⁸ Rivas Domínguez (2015: 226).

Tal para cal, maragota e media; Ti por ti, maragota e media; Tres por tres, maragota e media; Tal para cal (establece unha relación de semellanza entre dúas persoas, normalmente enfocando aspectos negativos).

ter a boca coma unha rabada; ser a porta da vila/a porta faxeira ‘ter a boca moi grande, falar moito’.

ter máis cara ca un lorcho/cás pedras do río.

ter máis rabos ca un polbo/ca oito polbos, ter máis rabo ca un can de palleiro, ter máis cunchas ca un galápago/ca un sapoconcho ‘ser moi astuto, saber disimular ben’.

ter sangue de peixe/de chinche ‘ser un pusilánime ou un apocado’.

teso coma unha sardiña/coma un virote ‘moi teso’.

tirar peixe ao mar, botar por ela ‘presumir, fanfurrñar’.

traer unha faneca/unha empanada ‘estar moi despistado’.

Uns tenden as redes e outros levan os peixes, Ara o boi para que outros coman (crítica que uns se aproveiten do traballo doutros).

Val máis empezar por sardiña, i acabar con galiña; As cousas non son como empezan senón como acaban ‘son preferibles os bos finais aos bos principios’.

Vale máis peixe pescado que cento nadando, Máis vale paxaro na man que cento a voar ‘é preferible o seguro, inda que sexa pouco, ao incerto’.

vender o peixe/a burra/a moto ‘tentar convencer con intención de enganar’.

vender o peixe antes de pescalo, facer as soltas antes de ter as cabras, sachar os nabos antes de nacer ‘precipitarse, actuar antes de tempo’.

vender peixe padre, ter a boca padre ‘ser amigo de murmurar, difamar’.

2.2. As variantes: hiperonimia e hiponimia

Neste campo nocional o hiperónimo por excelencia é a palabra *peixe*. Confrontando a dialéctica entre estas variantes, hiperónimos e hipónimos, nos dous idiomas en adstrato -galego e castelán-, vemos que ás veces o castelán bota man dun hiperónimo alí onde o galego prefire un hipónimo: *Caeu un congro!*, exclama a xente cando presencia o enterro daquel *pez gordo* con sesenta cregos (Xan de Masma, TILG); outras veces é o galego o que usa un hiperónimo cando o castelán (de América) selecciona un hipónimo: *derreterse coma o gato polo peixe /VS/ (andaba siempre tras las faldas) como gato tras el bacalao* (R. Palma, CORDE). Pódese considerar este factor diferencial como un subtipo de isoglosa semántica. Vexamos algúns casos de sinonimia entre hiperónimo e hipónimos dentro do dominio galego:

brincar coma o peixe na rede/coma a sardiña na rede (Ferro 2006: 198).

durmir coma un peixe/coma un pancho.

escorregadizo coma un peixe/coma unha anguía/coma congro escorregadizo.

estar coma o peixe entre dous gatos/coma a sardiña entre dous gatos ‘en graves dificultades’ (Ferro 2006: 212).

estar coma peixe en tixela/coma sardiña en tabal ‘apertado’ (Ferro 2006: 191).

*Léveme un peixe se..., Aínda non me trague un *pulpo..., Aínda o fel dun xurelo me afogue se..., Aínda un ollomol me trague... Non me coma un congro...* (valor aseverativo).

O peixe grande come o pequeno, A troita grande amansa a pequena.

Os peixes non se collen a bragas enxoitas, Quen peixes queira pescar tense que mollar, Non se pillan troitas a bragas enxoitas.

peixe de rabo na boca, carioca que leva o rabo na boca.

retorcerse/revolverse coma un peixe fóra da auga, revolverse coma unha anguía fóra da auga (TILG).

ser (un) bo peixe/bo xurelo (TILG).

ser un peixe de carallo/un bacallau de carallo ‘ser persoa pouco fiable’.

2.3. A xénese

Á hora de intentar apreghender os mecanismos xeradores de fraseoloxía no eido que nos ocupa, tres son os recursos fundamentais: a metáfora e metonimia, e a comparanza. A importancia destes procedementos, especialmente a metáfora e metonimia, na xénese en xeral de unidades fraseolóxicas xa foi sinalada e valorada suficientemente, nos últimos tempos de modo especial pola Lingüística cognitiva (hai un bo resumo en González García 2011). E ao cabo é lóxico que así sexa pois estes recursos de conceptualización frásica responden a un principio lingüístico básico: a relación de semellanza, ben establecida a través dun certo tipo de estruturas lingüísticas (A é B; A e B –aquí á igualdade é funcional–; A como B; (Tal) como A, así B etc.).

2.3.1. A selección dun atributo

No eido que nos ocupa, a comparanza domina sobre outros mecanismos produtivos básicos. No apartado 2.1.1 do presente traballo localizamos con certa clareza case un 44 % de metáforas fronte a un 56 % de comparanzas.

Agora ben, a consciencia de termos aquí un mecanismo importante (a imaxe, o símil) non quita para que prosigamos analizando outros procedementos (especie de forzas creativas xeradoras de variantes secundarias) de selección.

En xeral, observamos que unha gran parte de comparanzas implican unha tripla selección:

a) Nun primeiro paso o falante (home do mar: quizais un só individuo en orixe, pero diacronicamente o pobo mariñeiro e anónimo) selecciona un animal. Esta selección é, dentro duns límites –campo limitado de posibilidades–, arbitraria²⁹.

b) Nun segundo estadio, procédese á selección daqueles trazos característicos, tirados da experiencia, da interacción necesaria entre o animal e o home. Debemos ter presente que os trazos semánticos que o home de mar ten *in mente* non coinciden necesariamente cos trazos semánticos que o lingüista ou o lexicógrafo –con enfoque mental distinto, máis científico e taxonómico– ten en conta á hora de conceptualizar un ser real para darlle forma e cabida nun dicionario. Estes trazos lingüísticos poden ser designados como *semas*. Os que entran na selección tras a experiencia-fonte (dominio fonte, como din os cognitivistas) podémolos denominar, aos efectos que nos interesan, como *semas fráxicos* (SF).

c) Nun terceiro nivel, fíxase o SF definitivo: da realidade obxectiva acaba gravándose un atributo do animal. Dáse aquí a *selección dun atributo*.

Vexamos algúns exemplos: tomemos a UF *estar sucio coma un choco*. Por que *coma un choco* e non *coma unha lura* ou *un polbo*? Decatémonos de que os tres candidatos comparten o SF [+expulsa tinta para camuflarse]. A resposta é que, como máxima xeral, insistimos, o factor da arbitrariedade selectiva existe, é en maior ou menor grao, incuestionable. Por que se di *mazado coma un polbo* co valor fráxico de ‘descarado’? Hai que mirar cales son os trazos que conforman a contorna tirada da experiencia do mariñeiro co polbo, trazos susceptibles de convertérense en SF: 1. O polbo cambia de cor para camuflarse, 2. O polbo resulta moi duro para comer se non se maza antes, 3. O polbo ten varios tentáculos.

A UF galega *mazado coma un polbo* implica a selección do 2º trazo: é absolutamente pertinente o sema [+dureza]. Pénsese na UF castelá *ter a cara dura/de cemento armado*.

Vexamos agora estoutra UF, *namorado coma un ollomol* (Ferro 2006: 190). Cal é o atributo seleccionado? Sen dúbida, a forma dos seus ollos (tanto o DRAG *-ollos grandes e brandos-* como o DEL *-ojos grandes-* integran a referencia aos ollos do peixe na entrada correspondente, *ollomol* e *besugo*, respectivamente). Os ollos do ollomol aparecen na documentación dos distintos corpus como *grandes*, *decaídos*, *desorbitados* e a mirada con ese tipo de ollos asimilase á ollada dos namorados (como ocorre cos ollos de *carneiro abafado/degolado*, UF plenamente idiomatizada, en galego e mais en castelán), e así podemos ler na obra do finado doutor Galdo: *con ollos de ollomol míranse os namorados* (TILG).

²⁹ Nalgún caso concreto podémonos preguntar se nesa selección presuntamente arbitraria non estará actuando a paronomasia como unha especie de liña de forza creativa. Posiblemente actúe nun caso coma este: (*mareado*) *coma unha maragota* ou *máis mareado ca unha maragota*. Ata que punto na selección deste peixe (hai moitos outros peixes que fican aparvados, mareados, cando enmallan) non intervén a semellanza fonética entre *marear* e *maragota*?

E, desde outro punto de vista, tamén nos podemos preguntar por que, unha vez escollido un determinado animal, só se selecciona un atributo e non outros posibles: na frase *seco coma un bacallau* puideron ser seleccionados outros atributos, tales como ‘acartonado, aburrido’, ‘aplanado, esmagado’, ‘salgado’, ou incluso ‘cheirento’. Podemos dicir que neste sentido, tamén aquí incide o factor estocástico, a arbitrariedade.

Noutras ocasións, e saíndo xa do ámbito específico da comparanza, a selección actúa só sobre o tipo de peixe (paso 1º): por exemplo *Hai xurelos na ría* (dise en Muxía cando alguén raña no seu traseiro³⁰). Aquí non hai selección dun atributo concreto, senón que se aplicou un SF de carácter xeral, [+cheirento]. En xeral, todo o peixe cheira e este atributo xustifica, explica a frase proverbial *Hóspede e pescada, ós tres días enfada* (González Pérez 1993)³¹. Este mesmo SF parece estar implícito na UF *haber bacallau* ‘haber embrolla’, expresión que se corresponde aproximadamente coa UF castelá *haber tomate* (relembremos a famosa frase shakespeariana acurtada en *Algo cheira a podre en Dinamarca*).

Vemos, así pois, que hai en moitos casos unha selección de atributos que son perceptibles. As calidades denotadas poden ser apreciadas polos sentidos: tocamos a sequidade e incluso a vemos, cheiramos aquilo que despide un forte olor e catamos a dureza de certas carnes. Pero noutras ocasións, aqueles trazos que se seleccionan non son tan doados de apreciar para o profano, para quen non é un home de mar nin da familia. Son trazos non perceptibles digamos obxectivamente: a nós persoalmente custounos entender a lóxica da UF *bruto coma un arroás/arroaz* porque dentro dos nosos arquetipos culturais o cetáceo é un ser amable, compañeiro do home e intelixente. Agradecemos á familia Búa, de Muxía, a súa rica información:

O primeiro que ten que entender vostede é que o arroás e o delfín son distintos. Os arroases entran desde abaixo nas redes, son moi vorases e bravos. Rompen as redes para comer o peixe... O delfín é un animal dócil (Ramón Búa, en conversa)³².

E hai tamén casos en que para entender a lóxica da selección –no caso de haber tal lóxica– debemos ter en conta factores que pasaremos a denominar arquetipos culturais. Os novos atributos, produto de hábitos culturais, antropolóxicos ou simplemente hábitos comerciais ou industriais, sitúannos moitas veces en épocas pasadas e para os fraseólogos

³⁰ A asociación entre o ano e o mal cheiro é común (<http://proyectobuserana.concellomuxia.com/lingua/>) [Data de consulta: 06/08/2018].

³¹ Temos variantes en Vázquez Saco (2003): **Huésped e pescado, ós tres días cheiran* (nº 22867). Estamos en presenza dunha paremia case que universalmente coñecida, pola elevada concorrencia nos distintos ámbitos culturais do planeta: *El huésped, a los tres días molesta* (en Alemaña: Acerete 2001: 220), *El huésped y el pez a los tres días huelen* (España), *El peche grande come al tchico* (sefardí, en Saporta: 1978: 155), *El huésped es agradable hasta el tercer día* (é popular persa, Castelló 1997), haino en hindí, en libanés (*L'hôte, tel le poisson, pue au bout de trois jours-*, en inglés, en birmano (pero de novo sen a concorrencia do núcleo léxico ‘peixe’, *A vida dun hóspede é de sete días*), en polaco, *Un convidado e un peixe non son bos máis que durante tres días* etc. (Samadi: 2013: 169).

³² Así enténdense tamén mellor un par de refráns galegos: *Arroaces na ría, boureles tiran; Tramalleiros ó mar, arroaces ó par* (González Pérez 1993: 42).

do futuro poden que sexan descoñecidos ou unha cuestión de arqueolingüística (sen ir máis lonxe, o costume de mazar o polbo para abrandar a súa carne é unha imaxe que pode desaparecer da nosa esfera de coñecementos ou de lembranzas a medio prazo porque nos últimos tempos abonda con meter o polbo uns cantos días no conxelador antes de cocelo para obter o resultado desexado). Vexamos un par de exemplos: por que se di *facen fanecas* (*de/con*) ‘esfaragullar, facer cinascos’, e non se di *facen peixe* ou *facen magas* (esta última usada fraseoloxicamente con outros valores [‘facer marabillas’]: as magas ‘tripas, intestinos do peixe’ por antonomasia son as da sardiña, logo esperaríamos como UF posible *facen sardiñas* como sinónimo de facer magas no sentido literal)? Como diría E. Coseriu, a lóxica semántica, as posibilidades que abre o sistema, non casan necesariamente con aquilo que sanciona o uso. Con todo, a selección de fanecas na UF *facen fanecas* tamén está motivada: a faneca noutra época era un peixe abundante, peixe de pobres, pouco valorado economicamente, e nalgunha variedade, como a chamada faneca norueguesa, é pescada para a produción de fariña de peixe³³. En beneficio desta argumentación está a UF *fanecas da oca*, onde ‘oca’ verosimilmente conmuta por ‘argazo’. Que se fai ou facía argazo co peixe confirmanolo o refrán *A sardiña en marzo, argazo* (Vázquez Saco 2003: 492).

Un segundo exemplo: a UF *dar o bacallau* ‘morrer’, documentada na Estrada (Pontevedra), por Montero Cartelle (1981: 120; tamén se documenta en terras de Lemos, Lugo) acha a súa explicación polo costume tradicional de ofrecerlles aos parentes e amigos do defunto un banquete fúnebre con bacallau como prato fundamental.

2.3.2. Creación de variantes por expansión

Dentro das estruturas fraseolóxicas comparativas podemos encontrar outros procedementos formais, xeradores de variantes, dignos de mención: un primeiro caso témolo co núcleo léxico *sardiña* (palabra fraseo-paremiolóxica por excelencia: é núcleo léxico de dúcias de UFs). O procedemento formal ao que aludimos admite varios enfoques: pódese pensar en creación de variantes por expansión (concepto moi usado en sintaxe por distintas escolas lingüísticas), ou pódese pensar no que Ferro Ruibal (Ferro 2004), seguindo modelos lingüísticos rusos, chamaría *implicitación/explicitación*. Se pensamos no ambiguo (ou polisémico) que resulta dicir sen máis *como sardiñas*, está clara a necesidade de expandir a imaxe para concretala: a expansión prodúcese engadindo un adxectivo ou unha frase preposicional (así ocorre comunmente en sintaxe cando se expande un núcleo nominal, sen que esas sexan as únicas posibilidades, evidentemente: a cláusula de relativo sería outro procedemento sintáctico normal):

Expansión con adxectivo:

A groria é que anda barata como a sardiña manida (Curros, TILG).

Anque o creto me furta i estou cal sardiña firta (Curros, TILG) (‘estou que boto chispas, amolado’).

³³ (<http://pescaderiascorunesas.es/productos/ficha/?id=39>) [Data de consulta: 06/08/2018].

Que o aire e mailo sol os cure como sardiñas lañadas (Pousa, CORGA).

*A muller qu' é moi *salada, fai com ' a sardiña rancia, que por moito que se lave non se lle vai a sustancia* (Salgado, TILG).

Expansión con frase preposicional:

Alcontreina na casa feita unha sardiña do fume (Revista *O Galiciano*, TILG). Temos aquí un proceso de metaforización máis avanzado ca na comparanza típica, pero o exemplo vale igualmente para o punto que nos interesa. O valor semántico expresado é 'mirrada'.

Xantou moita máis sardiña de tabal que bacallau (Cunqueiro, TILG. Válenos para exemplificar unha nova expansión especificativa).

Fumos nel como sardiñas en banasta (Revista *O tío Marcos da Portela*, TILG).

Apertados uns contra os outros coma sardiñas en banastra (Santamarina, TILG).

Máis prensados que sardiñas en lata (Fariña, TILG).

Durmimos dous ou tres nela, coma as sardiñas na lata (Angueira, TILG).

Tanta xentiña que somos imos ir como sardiñas da salga nun bocoi (Máiz, CORGA).

Amoreados coma sardiñas na lata (Fernández Paz, CORGA).

Neste último exemplo de A. Fernández Paz, a UF expandida vai precedida dun adxectivo suficientemente esclarecedor, especificativo. Da mesma maneira que en estruturas comparativas do tipo *seco coma un bacallau* o adxectivo xa nos di cal é o atributo do peixe seleccionado, tamén aquí parecería innecesaria a expansión. Son abundantes, neste sentido, os casos de posible implicación, casos nos que o adxectivo que precede bloquea a necesidade da explicitación ou expansión:

Encerrado durante cincuenta e sete días no sollado dun bergantín vello, prensado coma a sardiña (J. D. Sotelo, TILG).

Morreremos de fame apertados como sardiñas (Pérez, CORGA).

Viñan apertados coma sardiñas (Alvilares, CORGA).

*Alí todos apertados como sardiñas*³⁴.

2.3.3. Transposición ou calco de esquemas

Encontramos neste campo nocional un fenómeno común a outros eidos da fraseoloxía e da paremioloxía: a recorrencia estrutural.

³⁴ (https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/fisterra/2018/04/22/era-unico-case-galicia/0003_201804C22C3993.htm) [Data de consulta: 20/08/2018].

En parellas paremiolóxicas como as seguintes:

- (1a) *As sardiñas por san Xoán mollan o pan.*
- (1b) *Os xurelos por san Xoán mollan o pan.*
- (2a) *A faneca en xaneiro vale carneiro.*
- (2b) *A pescada de xaneiro val un carneiro.*
- (3a) *A sardiña en abril, cóllea na man e déixaa ir.*
- (3b) *A solla en abril, cóllea na man e déixaa ir.*

hai paralelismo formal e hai sinonimia parcial: consérvase un núcleo de significado, ‘en sazón, grao óptimo de estado da carne do peixe para ser comido polo home’; consérvase un circunstante nuclear de significado contextual, ‘cando’, pero varía un núcleo de significado actancial, o suxeito ictiolóxico. Podémoslas considerar variantes léxicas fraseoloxicamente sinónimas? Son estruturas que funcionan como unha matriz paremiolóxica morfo-semántica: a forma estrutural é coma unha expresión fixa, cun número X de núcleos semánticos tamén fixos, e que permite a variación doutro número Y de núcleos semánticos.

Un caso parecido, de transposición ou calco de esquemas, témolo cando no esquema comparativo se emparellan dous termos léxicos (*peixe/auga*) atraídos por unha liña de forza, a da solidariedade léxico-fraseolóxica, ao servizo dun arquetipo mental poderoso, produtivo, o da felicidade ou benestar. Temos así a UF *Coma o peixe na auga*. Esta UF, de extensión e uso moi alto en distintos ámbitos culturais, entra no noso idioma en correlación estrutural con outras UF:

A (o home) é a B (aquele contexto onde está ben)...

...coma o peixe na auga.

...coma o rei nunha cesta.

...coma o rato no queixo.

...coma o coello na verza.

Organízase así un paradigma produtivo: o mecanismo parece dar lugar ao que en fonoloxía denominamos *feixes correlativos*, un tipo de *oposicións proporcionais* (“A é a B como C é a D”).

2.3.4. A derivación

Igual que hai derivación entre as distintas acepcións das unidades léxicas, tamén podemos falar de derivación entre os distintos valores dunha unidade fraseolóxica. Por exemplo, analicemos esta parella de UFs:

(4) *estar coma un pancho* ‘estar fartuco, cheo (de comida)’.

(5) *durmir coma un pancho* ‘durmir moi ben’.

A nosa proposta di que hai unha relación derivativa ou de encadeamento: tras o xantar adoitamos dormir; unha boa dixestión pide unha boa soneca. Asociamos unha cousa coa outra, pénsese na fórmula coloquial *Xa podes ir dormir ao palleiro* que se lle di ao que comeu moito (Martíns 2013: 473). Segundo o noso parecer, a xénese dos dous valores semánticos non é simultánea, senón por encadeamento asociativo. Non nacen xuntas as dúas acepcións, hai derivación dunha á outra.

Un novo exemplo: *cheo coma un centolo*. Presenta dous valores: 1. Estar farto de comida, 2. Estar borracho. Supoñemos que o segundo, máis restritivo, deriva do primeiro, máis xeral (todos comemos pero non todos bebemos alcohol).

Un terceiro exemplo témolo na UF *escorregadizo coma unha anguía* ‘moi escorregadizo’. Desa acepción primeira derivaríase á acepción secundaria *ser coma unha anguía* ‘ser falso’ (o que se escapa das mans non se deixa pillar: cres que o tes pero xa se foi, non é de fiar, logo é falso).

Outro caso de derivación posible sería a interrelación existente entre *ter a boca coma un escacho* ‘boca moi grande’ e *ser un cara de escacho* ‘un desvergonzado’ (asóciase doadamente ter moita boca con falar moito e o moito falar logo se fai sinónimo de falar de máis, ser un “escachado”, un bocalán, aberto e destemido nas falas).

Como principio xeral, cando unha unidade fraseolóxica ofrece dúas acepcións, unha primeira que corresponde a un uso máis recto, máis próximo á realidade física, e unha segunda que se corresponde cun uso figurado en maior grao, podemos dicir que esta deriva daquela: así, a UF *ter a boca coma unha rabada* ten unha acepción primaria ‘ter a boca grande, de considerable tamaño’, e unha secundaria ‘ser un bocalán’. Neste sentido, a unidade fraseolóxica funciona igual ca calquera unidade léxica ou palabra polisémica en xeral.

2.4. As palabras idiomáticas e de uso pouco frecuente

A fraseoloxía, coma a paremioloxía, coma a poesía tradicional, é un bo depósito de arcaísmos, palabras baleiras de contido e *palabras idiomáticas* (García-Page 2008: 352 e ss.³⁵). Falaremos, así pois, de palabras que apenas teñen vida fóra do esquema fraseolóxico en que chegaron a nós, como unha especie de restos fosilizados. Examinemos media dúcia delas, tomadas do ámbito que nos ocupa.

ollos breques: A voz *breques*, na expresión *ollos breques/brecos* ‘esbugallados’ (DdD), é posible que garde relación coa breca, un tipo de peixe parecido ao ollomol, segundo di Sarmiento³⁶. En beneficio desta suposición está a fraseoloxía rica do castelán co ollomol:

³⁵ O lingüista manchego considera a existencia de palabras idiomáticas como un posible *universal fraseolóxico*. Non é o único caso en que García-Page utiliza este concepto tan poderoso; volve considerar un universal fraseolóxico a existencia en todas as linguas naturais de somatismos fraseolóxicos (2008: 363).

³⁶ Talvez a voz garde relación coa UF portuguesa *levar a alguén a breca* (Simões: 1993: 399), onde *breca* parece conmutar por *morte*; en galego temos recollido o localismo (*estar*) *levado da breca*, onde *breca* conmuta por *demo*. Son relativamente comúns as representacións plásticas, fortemente expresionistas, da morte cunha caveira cos ollos avultando para fóra.

Ojos tristes y medio vueltos, que parecían de besugo cocido (CORDE), *Nos miraba con sus ojos de besugo* (Pérez Galdós, CORDE), *Tiene ojos de besugo muerto; de cordero degolláu* (Iribarren 1947: 255) etc. Documentábase tamén nas nosas costas a variante *ollos de berete* ‘ollos grandes’ (Herbello 2013), pero non nos atreveríamos a ver unha variante fonética con troco de oclusivas xordas (*breque* = *berete*; en Panisse 1977 I: 284 e 287, Santamarina dálle un étimo distinto ao *berete* ‘peixe’ do *breque* ou *breca*); si sabemos que hai máis nomes de peixe en cuxa etimoloxía parece xogar un papel importante a forma dos ollos, como a *boga*, sobre o étimo da cal o DLE di que vén dun composto grego que significaría ‘ollos de boi’, esbugallados tamén (Herbello 2013).

coma arenques nun casco (Herbello 2013): temos na voz *casco* un localismo que non figura no dicionario académico: *casco* co valor de recipiente de madeira, máis ou menos do tipo do pipote ‘pipa pequena para o viño’. Figura a palabra *casco* con ese valor unha soa vez no DdD (“cuba de madeira”, documentada esta acepción en Sada).

estar esquellado coma un arenque (Herbello 2013). Aquí *esquellado* conmuta por ‘fraco’. É palabra moi pouco común (só unha concorrencia no TILG, 0 no CORGA, só unha entrada no DdD). O verbo *esquellar* deriva de *quelle* ‘sucó’. Subxace no cambio semántico, na derivación do valor recto ao figurado, a mesma lóxica que leva da voz latina STRIA ‘sucó’ ao concepto *estría* ‘liña delgada’³⁷.

estar coma sardiñas na lercha (Ferro 2006: 212). A voz *lercha* ‘vara’ é moi pouco coñecida no galego actual. Pero é unha palabra moi valiosa porque con ese significado aparece no *Quijote*³⁸. O profesor G. Rojo (no prelo) dedicoulle un documentado artigo á palabra e aí estuda minuciosamente a súa concorrencia nos dicionarios galegos. En síntese, Rojo chega a tres conclusións: 1ª. Que a voz cervantina é efectivamente esa, *lercha* (non é froito dunha mala lectura ou dunha mala reescritura), 2ª. Que a súa aparición máis ou menos esporádica como voz manchega nalgúns vocabularios e/ou dicionarios non merece creto, 3ª. A súa relación coa voz galega común *lercha* ‘persoa deslinguada, descarada’ é de homonimia³⁹.

³⁷ Posiblemente da mesma familia, temos a voz galega común *estriga* ‘porción moi delgada de liño’; unha palabra, *estriga*, que antes significou ‘parte moi estreita dun eido’ (Sarmiento, no DdD, s.v. *estriga*: “Una heredad larga y estrecha o es, según las leyes agrarias antiguas, *striga* o *scannum*”) e que entra a formar parte da UF *estar coma unha estriga* ‘moi delgado’.

³⁸ Quijote, II, 10. Esta vara ou especie de espeto para ensartar ou envaretar peixes pode recibir outros nomes en galego: *cambelo*, por exemplo. Ou *cambo* (que M. Valladares xa consideraba sinónimo de *lercha*; *cambo* aparece en dous refráns costeiros citados no apartado 2.1.1, documentados en Herbello 2013). Rivas Quintas cita unha variante próxima foneticamente, *lorcho*, co valor de ‘pau, a pèrtega ou pèrtigo, a parte do mallo que bate no cereal’ (Rivas Quintas 1999: 195).

³⁹ Se hai homonimia ou hai polisemia é difícil precisalo: cando pasan centos –ou máis– de anos desde a xénese dunha unidade léxica ou fraseolóxica, homonimia e polisemia iguálanse. Pero, ao noso ver, si cabe pensar na polisemia. Fixémonos neste paradigma de UFs sinónimas: *ter a lingua coma unha subela*, *lingua de subela*, *ter a lingua que parés*, *polo que fura*, *subela* (Lamas Carvajal, TILG), (*ser unha*) *subela* (en Pesqueira Crespo, TILG, co valor de ‘lercha’), *ter lingua de vibora* (ou *viperina*), *lingua coma un alferrón* (Vázquez Pintor, CORGA), *lingua de xiba*, *lingua que fura sete paredes*... De aí a *ser unha lercha* (entendendo que a base de derivación é *lercha* ‘vara que fura (a boca do peixe)’) só hai un paso, un paso que

Deixando agora á parte a posible etimoloxía, si que debemos engadir un par de datos interesantes á hora de establecer novas conclusións. Nós documentamos *lercha* ‘vara’ no concello de Mondariz (Pontevedra):

A nosa avoa, que naceu fai 67 anos en Frades (Portela da Bouza) chama lercha ao pau que usa para que as xudías se enreden por el e vaian arriba. Ela di “Vai buscar unha lercha para as xudías” (nos chamámoslle chuzo ou pau)⁴⁰.

Igualmente recibimos do conserxe do Colexio Público de Catoira a seguinte información:

O meu pai chamaba lercha a unha vara para os peixes, iamos pescar ao Ulla, era un xunco e metíase polas agallas... O meu pai xa faleceu, naceu en mil novecentos vinte e moitos, si, e recordo tamén un vello mariñeiro, chamábanlle o Moruxo, que tamén lle chamaba así, que vendía o peixe polas rúas, en Catoira⁴¹.

A cuestión, xa que logo, permanece aberta. Visto que en galego común –en boca de persoas do pobo non especialmente cultas ou ilustradas– do século XXI inda somos capaces de rastrexar acepcións iguais ou próximas á documentada en boca de Sancho, entra dentro do posible que a frase cervantina sexa un galeguismo fraseolóxico, un fraseoloxismo que habería que situar a carón daqueloutro, *Tarde piaches!*

unha xaria de peixe (Rivas Domínguez 2016: 237). Aquí significa un banco, un agrupamento. Documenta tamén o mesmo autor a UF *Ir/vir en xaria* ‘desprazarse un grupo de peixes de día, dando xostregazos na tona da auga’ (Rivas Domínguez 2015: 148). A voz *xaria* non figura nos dicionarios (DRAG, DdD), pero si a documentamos no TILG na pluma de Celso E. Ferreiro, como voz pertencente á xiria dos canteiros ou *verba dos arxinas*. A palabra significa ‘man’ e cádralle moi ben ao contexto (recordemos que as sardiñas medíanse por *mans*: cada catro sardiñas, unha man; así nolo conta Sarmiento, DdD: s. v. *man*). Encontramos unha variante, grafada *jarria*, en terras de Acibeiro (Outeiro Grande: 1991), co mesmo valor semántico.

En maio sai o polbo do zamaio (González Pérez 1993: 45). A voz *zamaio* (variante *zamallo*) non figura nos dicionarios. Da rareza desta palabra xa se decatou Vázquez Saco (2003: 984; o que fora sacerdote e amante da paremioloxía calcula que a palabra é usada na costa lucense). Se o refrán fose fiable ao cento por cento, a palabra verosimilmente aludiría ao cubil onde habita o polbo. Pero hai que ter en conta que esa voz só a documentamos na pluma de Paco Rivas, quen en varios lugares recorda cando era rapaz e ía pescar o polbo co pai, co *zamaio* na man. Explica que o *zamaio* é un pau ao que se amarra no cabo un trapo ou en ocasións unha alga⁴². En ningunha parte se nos di que,

responde á addenda a aquel paradigma da ‘lingua furadora-instrumento cortante’ dun novo sinónimo xerado por metáfora e metonimia asemade (contigüidade boca/lingua/vara que se insire na boca ou moi preto dela).

⁴⁰ Os nosos amables informantes son Adrián Romero Melón e Desiree Abril Melón, a quen agradecemos desde aquí a súa colaboración. Agradecemento que facemos extensivo á súa docente, Claudia Martínez Alonso. A comunicación foi por nós establecida no ano 2016.

⁴¹ O noso informante, José Catoira Santiago, faleceu recentemente. Descanse en paz.

⁴² Puxémonos en contacto coa Confraría de Pescadores de Burela sen éxito, e posteriormente coa de Ribadeo. Un membro desta última, o señor Justo Navarret, comunicanos que un seu coñecido de Nois, un home novo

ademais, o *zamaio* sexa o cubil do polbo. Si existe, en cambio, a UF *pescar ao zamaio*. Logo debemos, polo de agora, optar por unha destas dúas conclusións:

a) *En maio sai o polbo do zamaio* é unha falsa lectura, se cadra por analoxía cos refráns do tipo *Entre marzo e abril o raposo sae do cubil/sae o cuco do cubil*, *En abril o porco deixa o cubil/sae o cocho do cubil/sae o cuco do cubil* etc. De ser isto certo, a forma apropiada do refrán en cuestión debería ser *En maio sae o polbo ao zamaio*, é dicir, é un bo momento para capturalo con esa arte de pesca, o *zamaio*. Seguiría así o refrán estoutro modelo: *En maio *salen os raposos ó ghallo* (Vázquez 2003: 131).

b) O refrán é máis antigo cá UF. E o *zamaio* é, efectivamente, o cubil do polbo⁴³. Que con posterioridade se lle chame así á arte ou obxecto que se achega ao cubil é un cambio semántico por contigüidade, por metonimia.

3. Conclusións

1ª. A categorización conceptualizadora da realidade, categorización que se realiza basicamente por medio do símil e da metáfora, parece espellarse mellor na fraseoloxía que ten o dominio fonte nos seres vivos. En todo caso, a fraseoloxía dos animais mariños amósase como un óptimo paradigma neste sentido.

2ª. Tendo en conta o carácter local de moita da fraseoloxía estudada, cómpre unha vez máis ter presente a necesidade de reintroducir nas escolas e nos novos libros de texto máis contidos fraseolóxicos. Urxe asegurar o futuro lingüístico e en concreto a lingüística fraseolóxica nos novos falantes.

3ª. Hai unha serie de trazos internos destacables no estudo desta fraseoloxía proposta: vimos unha posible relación de semellanza entre os distintos niveis da análise lingüística: a derivación que existe en morfoloxía tamén pode darse no nivel léxico-fraseolóxico; a expansión, importante factor na sintaxe, válenos para explicar variantes fraseolóxicas; as correlacións, presentes na fonoloxía, percibímolos así mesmo nas estruturas fraseolóxicas comparativas. Podemos concluír que estas *relacións de semellanza* que operan entre os distintos niveis da análise lingüística son unha especie de universal lingüístico, e responden ao principio xeral de economía lingüística.

4. Referencias bibliográficas

- ACERETE, Julio C. (2001): *Proverbios, adagios y refranes del mundo*. Barcelona: Óptima.
- CASEIRO NOGUEIRAS, Delfín (2002): “Introdución”, en FERNÁNDEZ, Mariló e FERNÁNDEZ, Xulio (dirs.): *Cancioneiro popular da provincia de Ourense*. Vol. II. *Comarca do Limia*. Ourense: Deputación Provincial, 14-34.

aínda, coñece a voz *zamaio* como un tipo de argazo: “Cóllese un pau e no cabo ponse a alga, o *zamaio*, e pásase por diante da cova do polbo, entón sae e bótase a ela”.

⁴³ Daquela habería talvez que emparentar a voz *zamaio* coa familia do vasco *zama* ‘colo, garganta, sitio estreito’, semas que lle cadran ben a un cubil para un polbo. Galmés (1999: 427) bota man desa palabra, *zama*, cando hipotiza o étimo de Zamora e algúns outros topónimos (algúns galegos, como Samar, Zamar, Zamáns, Zamorela; non cita en cambio o ourensán Zamoiros, barrio de S. Pedro de Vales, arciprestado de Cea).

- CASTELLÓ, Francesc (1997): *Proverbios y aforismos del islam*. Barcelona: Edhasa
- CASTRO OTERO et alii (2012): “Outros lances nos laños do Morrazo. Nova recollida de unidades fraseolóxicas”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 14, 273-285.
- CONDE TARRÍO, Germán (2001): *Diccionario de refráns*. Vigo: Galaxia.
- DA = LÓPEZ MORALES, Humberto (dir.) (2010): *Diccionario de Americanismos*. Madrid: Asociación de Academias de la lengua española-Santillana.
- DdD = SANTAMARINA, Antón (2003): *Diccionario de Diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza (Edición electrónica CD-ROM). (<http://sli.uvigo.es/ddd/index.html>) [Data de consulta: agosto 2018].
- DLE = Real Academia Española (2014): *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa.
- DOMÍNGUEZ RIAL, Evaristo (2011): “Fraseoloxía e paremioloxía de Bergantiños (Cabana de Bergantiños, Carballo e Coristanco)”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 13, 301-404.
- DRAG = REAL ACADEMIA GALEGA (2000): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: RAG.
- FERGUSON, Rosalind e LAW, Jonathan (2000): *Dictionary of proverbs*. London: Penguin Books.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1977): “Notas lingüísticas sobre Fefiñáns (Cambados)”, en Facultade de Filoloxía: *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 287-325.
- FERRO RUIBAL, Xesús (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre*. A Coruña: Real Academia Galega.
- (2004): “Explicitación e implicación fraseolóxica. Notas galegas”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 6, 57-81.
- (2006): “Locucións e fórmulas comparativas ou elativas galegas”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 8, 179-265.
- FERRO RUIBAL, Xesús e VARELA MARTÍNEZ, Xacinta (2012): “Fraseoloxía e paremioloxía galega nos escritos do P. Martín Sarmiento (1695-1772)”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 14, 99-163.
- FOULCHÉ-DELBOSC, Raimundo (2006): *1313 Proverbios Judeo-Españoles*. Barcelona: Obelisco.
- GALMÉS DE FUENTES, Álvaro (1999): “Los topónimos: sus blasones y trofeos (la toponimia mítica)”, en *Boletín de la Real Academia de la Historia CXCVI*, 421-498.
- GARCÍA-PAGE, Mario (2008): *Introducción a la fraseología española*. Barcelona: Anthropos.
- GONZÁLEZ GARCÍA, Luis (2011): “Fraseoloxismos e lingua figurada. As persoas vistas como obxectos ou máquinas”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 13, 113-148.
- GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio (1993): *O refraneiro do mar*. Sada-A Coruña: Ed. do Castro.

- HERBELLO PUENTES, M^a Elena (coord.) (2013): *De boca en boca. Tradición oral mariñeira entre Aldán e A Guarda* (www.accioncosteira.es/archivos/TRADICION ORAL GAC7_WEB.pdf) [Data de consulta: 26/07/2018].
- HERMIDA ALONSO, Anxos (2009): “Fraseoloxía de Matamá (Vigo)”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 11, 283-304.
- IRIBARREN RODRÍGUEZ, José María (1947): “Refranes y adagios - dichos y jotas - dichos y frases proverbiales”, en *Príncipe de Viana* 8/27, 225-255.
- MARTÍNEZ BLANCO, Xulián e VEIGA ALONSO, Serxio (2010): “Fraseoloxía galega de peixes e outros animais mariños”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 12, 155-173.
- MARTÍNS SEIXO, Ramón A. (2013): “*Perdóolle o mal que me fai polo ben que me sabe*. Unha aproximación aos campos semánticos da comida e da bebida na fraseoloxía galega”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 15, 463-486.
- MONTERO CARTELLE, Emilio (1981): *El Eufemismo en Galicia. Verba*, Anejo 17. Universidade de Santiago de Compostela.
- NICOLÁS RODRÍGUEZ, Ramón (2009): “Lugris Freire: a vida dun patriota. Desde as orixes até a época cubana”, en FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, Carme; GARCÍA NEGRO, M^a Pilar e RABUÑAL CORGO, Henrique (eds.): *Congreso Manuel Lugris Freire*. A Coruña: Universidade da Coruña, 27-54.
- NÚÑEZ ROMÁN, Francisco (2013): “Diatopía, variabilidade e sinonimia en fraseoloxía”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 15, 253-267.
- OUTEIRO GRANDE (1991): *Acibeiro. Verbo dos arginas*. Pontevedra: C. Peón.
- QUINTÁNS SUÁREZ, Manuel (2009): *O noso refraneiro (II). Do Fisterra galego e de Celanova*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- RÍOS PANISSE, M^a del Carmen (1977): *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I Invertebrados y peces. Verba*, Anejo 7. Universidade de Santiago de Compostela.
- RIVAS DOMÍNGUEZ, Paco (2000): *Fraseoloxía do mar na Mariña luguesa. Cadernos de fraseoloxía galega* 1.
- (2015): *De punta a chicote. Así falan os mariñaos*. Vigo: Cumio.
- (2016): *Entre o abalo e a zaranda. Dicionario léxico do mar*. Vigo: Cumio.
- (2017): “Nois na miña historia”, en *Nova Ardentia* 9, 59-65 [http://culturmar.org/wp-content/uploads/2017/09/Ardentia9.pdf] [20/08/2018].
- RIVAS QUINTAS, Elixio (1999): *Pan, sega e malla. Medidas*. Ourense: Grafo.Dos.
- RODRÍGUEZ VERGARA, Xavier (2014): *Léxico mariñeiro de Cedeira*. Ferrol: Embora.
- ROJO, Guillermo (no prelo): “Como sardinas en lercha”, en CÓRDOBA RODRÍGUEZ, Félix y MURIANO, Montserrat (eds.): *Liber amicorum. Homenaje a Álvaro Porto*. A Coruña: Universidade de A Coruña, 315-355.
- RUBINOS CONDE, Miguel (2013): “*Da roda para a piola*: refráns e frases do sur de Galicia”, en *Cadernos de fraseoloxía galega* 15, 487-502.
- SAMADI NAAMAN, Hana (2013): *Les proverbes de ma mère. Proverbes du Liban*. Paris: Geuthner.
- SAPORTA Y BEJA, Enrique (1978): *Refranes de los judíos sefardíes*. Barcelona: Ameller.

- SEVILLA, Julia e ZURDO, M^a. Teresa (dirs.) (2009): *Refranero multilingüe*. Madrid. Centro Virtual Cervantes (<http://cvc.cervantes.es/lengua/refranero/>) [Data de consulta: 20/08/2018].
- SIMÕES, Guilherme Augusto (1993): *Dicionário de expressões populares portuguesas*. Lisboa: Dom Quixote.
- TABOADA CHIVITE, Xesús (2000): *Refraneiro galego. Cadernos de fraseoloxía galega 2*.
- VÁZQUEZ SACO, Francisco (2003): *Refraneiro galego e outros materiais de tradición oral. Cadernos de fraseoloxía galega 5*.
- XEL = VARELA BARREIRO, Xavier (coord.) (1993-): *Corpus Xelmírez. Corpus lingüístico da Galicia medieval*. Santiago de Compostela / Vigo: Instituto da Lingua Galega / Seminario de Lingüística Informática. (<http://sli.uvigo.es/xelmirez/>) [Data de consulta: 20/08/2018].

Recadávivas Compilations

